

## TEST: ¿É UNHA BOA AMIGA?

1. Se lle contas un segredo á túa amiga...

- A  *Cóntallo a todo o mundo.*
- B  *Mantén o segredo e dáche consello.*
- C  *Déixate de lado e non lle dá importancia.*

2. Cando tes problemas cos estudos a túa amiga...

- A  *Préstase voluntaria a axudar.*
- B  *Pasa de ti e que axude outro.*
- C  *Intenta axudarte unha vez e xa lle chega.*

3. Se vos gusta o mesmo rapaz e che pide para saír, a túa amiga...

- A  *Enfádase contigo e ponte verde ás túas costas.*
- B  *Compréndete e anímate para que teñas sorte con el.*
- C  *Sente celos, pero aínda que ó principio lle custa comprendelo, segue sendo a túa mellor amiga.*

4. A túa nai está feita unha fera e estache botando unha berradura monumental, mentres, a túa amiga...

- A  *Inventa unha escusa para saír pitando, non vaia ser que a miña nai a colla con ela.*
- B  *Quédase e aguanta a berradura, aínda que a miña nai a está duchando.*
- C  *Espera uns minutos e despois... ¡Sálvese que poida!*

5. Cando marchas de vacacións a outro lugar, a túa amiga...

- A  *Escríbeche postais tódolos días. Ten que contarche todo o que lle pasa.*
- B  *Non se molesta en escribirche nin unha cutre e palleira postal. Cando volves xa te cambiou por outra.*
- C  *Escríbeche unha vez e xa non se acorda máis de ti en tódalas vacacións.*

6. Cando vas de compras e probas un vestido, ela...

- A  *Di o que pensa realmente. Non se anda con rodeos.*
- B  *Aínda que minta, di sempre que che queda ben.*
- C  *Sente moitos celos porque che queda mellor a ti cá ela, e diche que che queda mal.*

7. Cando ides pola rúa e aparece un mozo guapísimo, a túa amiga...

- A  *Non cho di e fálache doutra cousa para que non o vexas.*
- B  *Dicho axiña para que recrée-la vista.*
- C  *Dicho cando xa pasou e non o podes ver.*

8. Cando te pos enferma, a túa amiga...

- A  *Non sae e quédase contigo.*
- B  *Pasa de ti e sae co resto das vosas amigas.*
- C  *Chama ás amigas e lévaas á túa casa.*

# Esperento

C.E.I.P CAMPOLONGO · 46

9. Os teus pais queren marchar de viaxe e ti non queres ir. A túa amiga...

A  Convence ós teus pais para que poidas quedar na súa casa.

B  Diche que é mellor que non protestes e que vaias con eles .

C  Tenlle sen coidado que queiras ou non queiras ir. Ela xa ten a súa fin de semana planificada e non pensa cambiar.

10. Se a túa amiga consegue dúas entradas para o concerto do grupo polo que andades tolas. Ela...

A  Non dubida un momento en regalarche unha das entradas para ir xuntas.

B  Dáche unha escusa de que ten que ir cun adulto , aínda que sexa mentira.

C  Non está moi segura de darche a entrada a ti ou a un familiar que tamén morre polo grupo.

PUNTUACIÓNS				
<u>1</u>	<u>2</u>	<u>3</u>	<u>4</u>	<u>5</u>
A--2	A-6	A--2	A--2	A--6
B--6	B--2	B--6	B--6	B--2
C--4	C--4	C--4	C--4	C--4
<u>6</u>	<u>7</u>	<u>8</u>	<u>9</u>	<u>10</u>
A--6	A--2	A--6	A--6	A--6
B--4	B--6	B--2	B--4	B--2
C--2	C--4	C--4	C--2	C--4

## MÁIS DE 48 PUNTOS

¡Tes unha extraordinaria amiga ! ¡Sodes coma uña e carne! ¡Non a perdas! ¡Felicidades! Tes moita sorte, porque sempre podes contar con ela, sempre estará ó teu lado e axudarache ¡Parabéns!

## DE 36 A 48 PUNTOS

É unha boa amiga, aínda que ten defectos que debes intentar mellorar, pero sen intentar cambia-la súa personalidade. Se segue así fala con ela. ¡Ti podes facelo!

## DE 23 A 36 PUNTOS

Non é unha boa amiga. Fala con ela. Ten que demostrar que ti e-la súa mellor amiga.

## MENOS DE 23 PUNTOS

¡¡¡Vaia amiga!!! Cámbiaa, non é de fiar. É unha cambia chaquetas. Non te merece.



Sara Míguez  
Lidia Piñeiro  
Sandra Rey  
Cristina Palmeiro  
Natalia Gonçalves  
2º Secundaria